

Comezan en Ledesma as obras do Plan de Sendas cunha inversión de 470.000 euros

A actuación está incluída nun gran proxecto que inclúe 17 km de sendas peonís e a reordenación da contorna do centro de saúde e dos colexios do Forte para mellorar a seguridade na zona

O Concello de Boqueixón vén de iniciar as obras de construción da senda de Ledesma, unha actuación de case 470.000 € e dunha lonxitude de máis de 2 quilómetros entre Ledesma e Noente. O alcalde, Ovidio Rodeiro, e o concelleiro de Obras, Manuel Fernández, comprobaron sobre o terreo a marcha dos traballos e manterán unha primeira xuntanza cos propietarios das parcelas da contorna do trazado da senda para explicar os traballos.

Esta actuación é a primeira contemplada no primeiro proxecto que o Concello de Boqueixón vai acometer ao abeiro do programa DUS 5000, que supón un investimento de 2,9 millóns de euros e a creación de 17 quilómetros de sendas peonís en distintos puntos do concello. así como “unha actuación de reordenación do estacionamento e reurbanización do espazo na contorna do centro de saúde e dos centros escolares do



O alcalde e o concelleiro de Obras visitaron o inicio da senda en Ledesma

Forte para crear un entorno accesible e seguro na zona”, explica o Ovidio Rodeiro.

O primeiro proxecto, xa adxudicado, inclúe a crea-

ción desta senda peonil entre Ledesma e Noente, outra entre Noente e Castro e dous tramos na Devesa e Camporrapado (Oural).

Máis de 175.000€ en obras de mellora en viarios e accesos

O Concello vén de adxudicar máis de 175.000 € en obras de mellora de vías e accesos. Entre elas figuran a mellora de viarios en Burgo (Lamas), Baiuca, Vilar e Ledesma (Ledesma), Pumares (Sergude), A Quenlla (Sucira), do Forte a Casalpegito, e en Pazos e de Castro a Virxe de Lurdes (Lestedo).

Melloranse os accesos a Manlle, Alboia e Vigo (Lamas), Eirexe (Pousada), Santaia e Casalvieito (Codeso), Gastrar (Gastrar), Pedrouzo (Pousada), Piñeiro de Abaixo (Boqueixón), Frenza (Sucira), Camporrapado, Rebordaos e Mato (Oural) e Gándara e Deseiro de Arriba (Sergude), e os interiores de Ardarís (Lestedo).

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

28 abr / 11 mai

LESTEDO

Campo da festa

12 mai / 18 mai

LAMAS

Campo da festa

19 mai / 25 mai

VIGO

Campo da festa

26 mai / 01 xun

LOUREDA

Campo da festa



Volve o servizo de conciliación Verán Activo

O Concello organiza unha nova edición do servizo de conciliación "Corresponsabilidade Verán Activo 2025", dirixida á poboación infantil de Boqueixón, con idades comprendidas entre os tres e os 16 anos, cuxas nais/pais, titoras ou titores estean empadronadas/dos en Boqueixón ou cando a rapazada estea escolarizada nun centro educativo do Concello de Boqueixón.

Consiste nun programa lúdico e educativo que pretende garantir a conciliación da vida familiar e laboral e fomentar a corresponsabilidade doméstica e social durante o período vacacional do verán. Facilita que as familias poidan harmonizar a súa vida persoal, laboral e familiar co coidado de fillos e fillas menores, mediante unha alternativa de ocio.

O servizo terá lugar de luns a venres, en horario de mañá, nas instalacións municipais de O Forte e do CPI Antonio Orza Couto. Durante xullo e agosto ofrecerase servizo de comedor, de 14:00 a 16:00 horas.

O prazo de inscricións abrirase a finais de maio e as solicitudes poderanse descargar en www.boqueixon.gal. Esta actividade está subvencionada con fondos da Consellería de Política Social e Igualdade.

140.000 € para mellora enerxética da escola infantil de Sergude

O Concello de Boqueixón vén de licitar as obras de mellora da eficiencia enerxética da escola infantil de Sergude por 140.205 euros. Unha tripla actuación que inclúe obras de mellora da envolvente térmica do edificio, a instalación de sistemas de iluminación eficiente no seu interior e mellora dos sistemas de calefacción.

Así, para mellorar a envolvente térmica da escola procederase ao illamento exterior da fachada mediante SATE e ao illamento da cuberta e do baixo cuberta, mediante paneis de fibrocemento sen amianto e a través dun falso teito illado. Ademais, substituíranse as fiestras por outras



As obras eliminarán humidades e mellorarán o confort de nenos e nenas

de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre.

En canto á iluminación interior, cambiaranse as luminarias por outras novas tipo LED máis eficientes. Ademais, instalarase un

sistema de control e regulación do alumeadado. Finalmente, cambiaranse os actuais radiadores eléctricos móbiles por un sistema de calefacción mediante bomba de calor, máis eficiente e ecolóxica.

O Concello leva a formación dixital aos locais sociais das parroquias

O Concello de Boqueixón iniciou en abril unha serie de cursos gratuítos de formación dixital nos locais sociais das distintas parroquias. O alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, compartiu unha destas xornadas cos maiores participantes, para interesarse pola formación que están a recibir.

Para o mes de maio están previstas catro formacións nos locais sociais de Codeso (5 e 6 de maio), Lamas (12 e 14



de maio) e Sergude (19 e 20 de maio), así como na casa da cultura (27 e 29 de maio). Todos eles de

16:00 a 18:00 horas. Máis información e inscricións no 981 513 115 (15 días antes de cada curso).

Concello e Xunta investirán 63.000€ nun aparcamento público en Lestedo

A Xunta concedeu unha axuda de 50.000 € ao Concello de Boqueixón para adaptar o aparcamento público de Lestedo aos impactos do cambio climático. Así o explicou a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, nunha visita na que estivo acompañada polo alcalde, Ovidio Rodeiro, e os concelleiros de Obras Públicas, Manuel Fernández, e Facenda, José Manuel Iglesias.

Cun investimento total de 63.000 euros, o proxecto contribuirá a mitigar as altas temperaturas desta área de estacionamento de 780 m². Unha área moi utilizada tanto por veciños como por visitantes e que nestes momentos está totalmente exposta ao sol pola falta de cubertas vexetais e conta cun pavimento de material pétreo que absorbe e retén a calor.

Ese pavimento cambia-



O pavimento de terra será substituído por un permeable e plantaranse árbores

rase por outro permeable, unha mestura de formigón con céspede para reducir o efecto illa de calor na zona. Ademais, crearase unha franxa lateral verde rodeando a área reservada aos vehículos coa plantación de árbores autóctonas a carón do talude e arbustos para delimitar a zona de aparcamento da N-525.

Ovidio Rodeiro salientou que “estamos case

na entrada do Camiño de Santiago en Boqueixón, da Vía da Prata, así que penso que esta iniciativa é unha boa idea. É a primeira vez que se convoca esta liña de axudas e estamos moi satisfeitos de ter sido rápidos e ter chegado a tempo para facer esta actuación e felicitamos á Consellería por poñer en marcha este tipo de programas dirixidas aos concellos”.

Boqueixón convoca o voluntariado Xuvenil, Activo e CREA Igualdade

Boqueixón é voluntariado e este ano haberá ata tres modalidades dispoñibles. Por unha banda está o Voluntariado Xuvenil para mozos/as de 16 a 30 anos e que é fundamental para apoiar actividades de conciliación e permite obter un certificado acreditativo da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

A maiores, a OMIX de Boqueixón oferta o Voluntariado Activo, para nados no 2007 e 2008 que queiran introducirse no voluntariado, e o “CREA Igualdade”, para rapaces e rapazas de 12 a 15 anos.

A maiores, organiza os Campamentos Municipais de Verán, para mocidade de 8 a 18 anos. Máis información no 981 51 31 15.



Proveitosa reunión co director xeral da AGACAL

O alcalde Ovidio Rodeiro mantivo unha reunión co director xeral da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), Martín Alemparte, para facer seguimento ao plan de obras da Escola de Capacitación Agraria de Sergude, así como outros proxectos para impulsar o desenvolvemento de Boqueixón.



Os Bolechas conciencian á rapazada contra os lumes forestais

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, presentou no Pazo de Quián un novo libro dos Bolechas, centrado nos lumes forestais. Un acto ao que asistiron nenos e nenas do CRA Boqueixón-Vedra «Neira Vilas», acompañados do concelleiro de Mantenemento e Limpeza de Boqueixón, José Manuel Iglesias.

Campamentos dixitais para crianzas de 9 a 13 anos

O Concello organiza uns campamentos dixitais gratuitos dirixidos á rapazada de 9 a 13 anos. Terán lugar do 21 de xullo ao 1 de agosto. Prazas limitadas. Máis información en www.boqueixon.gal e na OMIX (981 513 115).



Curso gratuito do TIC Rural para desempregados

O Concello organiza un curso gratuito do programa "Tic Rural" dirixido a persoas desempregadas e xubiladas para aprender a usar un ordenador ou calquera dispositivo móbil. Terá lugar en xuño, cunha duración de 15 horas. Inscripcións antes do 26 de maio no Departamento de Emprego, Formación e Turismo (981 513 061).



Formación en novas tecnoloxías para os maiores de Prevención da Dependencia

Os maiores que participan no Programa de Prevención da Dependencia do Concello de Boqueixón están recibindo formación básica en novas tecnoloxías. Trátase dun progra-

ma formativo impartido no local social Vigo a través do programa TIC Rural, dirixido por Red Araña do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico para persoas do rural de

municipios con menos de 5.000 habitantes.

Os maiores recibirán 15 horas de formación, nas que aprenderán conceptos moi básicos sobre a Rede e o seu funcionamento.



Éxito do Festival das Letras 2025 en Camporrapado

A Casa da Cultura acolleu unha gran edición do Festival das Letras, que mesturou teatro, música e unha charla inspiradora. Un evento organizado pola AACC Mestre Manuel Gacio e no que participou alumnado do CEIP do Foxo, Leticia López e Miguel Barbazán, e os grupos Solleirada, Lucerniñas e Luceiro.



Exposición de traxes tradicionais no CPI Antonio Orza Couto

O alcalde Ovidio Rodeiro e a investigadora Susana Peleteiro Fernández inauguraron a exposición didáctica "Traxes Tradicionais de Galicia e o falseamento histórico na folclorización", unha recompilación de bonecas con traxes de época que puido visitarse no CPI Antonio Orza Couto do 31 de marzo ao 11 de abril.



Xunta de Galicia e Concello realizaron unha nova prantación de árbores frondosas na contorna do monte ilicino

Máis melloras para o Pico Sacro

O alcalde, Ovidio Rodeiro, e a Axente de Emprego e Desenvolvemento Local de Boqueixón, Cruz Ferreiro, mantiveron unha reunión con Felipe Criado-Boado, director do Incipit CSIC, e Cristina Sánchez-Carretero, vicerreitora do mesmo centro. O obxectivo do encontro foi avanzar na posta en valor, conservación e desenvolvemento de proxectos patrimoniais do Pico Sacro.

Un monte Ilicino onde días antes tivo lugar unha nova plantación de frondosas con escolares de 1º e 3º da ESO do CPI Antón Orza Couto. Unha activi-



Reunión cos responsables do CSIC para avanzar en melloras para o Pico Sacro

dade para concienciar á mocidade sobre a importancia destes ecosistemas e a necesidade de protexelos e ordenalos, tal e como apuntou José Luís Chan, di-

rector xeral de Ordenación Forestal, que participou na plantación canda o alcalde Ovidio Rodeiro e o concelleiro de Economía, José Manuel Iglesias.

Reunión informativa o 15 de maio para a viaxe de outubro a Granada

O Concello está organizando unha viaxe de 4 días e 3 noites a Granada, que terá lugar o próximo mes de outubro. Aquelas persoas que estean interesadas, poden acudir a unha reunión informativa que terá lugar o xoves 15 de maio, ás 20:00 horas, no salón de plenos.

A Unidade Móbil do DNI e Pasaporte visitará Boqueixón o 16 de xuño

A Casa do Concello de Boqueixón recibirá o 16 de xuño, en horario de mañá, a visita da unidade móbil para a tramitación do DNI e o pasaporte. Cita previa no 981 513 115.



Gran participación no servizo de conciliación Semana Activa

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, visitou á rapazada que participa no servizo de conciliación Semana Santa Activa, que cubriu as 25 prazas ofertadas. Rodeiro Tato participou nunha das súas actividades lúdicas e entregoulles un agasallo a cada un pola súa participación no programa.



Boqueixón promócionase na XLIII Festa de exaltación do Viño da Ulla

O Concello de Boqueixón volveu estar presente un ano máis da Festa do Viño da Ulla cun stand no que recollía todos os atractivos turísticos e gastronómicos do municipio, algúns deles incluso puideron ser degustados polos conselleiros de Cultura e Medio Rural como as filloas e a tarta de Lestedo.



Lucía Munín, bronce no Campionato de España

Espectacular mes de abril para o judo feminino en Boqueixón. Tres deportistas do Escola Judo Club Kumi Kata comezaron o mes arrasando no Campionato Galego celebrado en Lugo, no que Irene Ferreiro (Santa Mariña) proclamouse subcampioa galega en -48kg, Lucía Munín (Lestedo) lograba tamén o subcampionato na categoría de -40kg e Lucía Pol (Sergude) com-

pletaba a xesta cun bronce en -63 kg.

Días despois, dúcias de familiares e amizades despedían a Lucía Munín, Lucía Pol e Santi Jiménez antes de partir cara Huesca, onde tomaron parte no Campionato Nacional Escolar Infantil de Judo. Un torneo no que Lucía Munín conseguía a medalla de bronce, un fito histórico pois é a primeira medalla lograda por unha



Gran participación a Escola Judo Club de Boqueixón no Campionato de Galicia: Lucía Munín e Irene Ferreiro foron subcampioas e Lucía Pol logrou o bronce

deportista de Boqueixón nun deporte olímpico como é o Judo. Pola súa banda, Lucía Pol e Santi Jiménez

fixeron tamén un extraordinario papel, chegando aos cuartos de final e quedando a un paso das medallas.



O Concello repara a cuberta do ximnasio e prepara unha reforma integral

O Concello vén de rematar a colocación do novo teito da parte central do ximnasio municipal do Forte, deteriorado polo temporal, e mellorará o chan da sala de musculación. Dúas actuacións nas

que investirá uns 20.000 euros e que son o primeiro paso de cara a unha reforma integral destas instalacións. O Concello xa ten un proxecto de 200.000€ e agora busca o apoio doutras administracións.

O III Torneo de Fútbol 11 sub 12 reunirá a máis de 250 nenos e nenas

Os alcaldes de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e Vedra, Carlos Martínez, veñen de presentar a terceira edición do Torneo de Fútbol 11 Sub 12, que se disputará o sábado 17 de maio nos campos municipais de O Coto e Manuel Silva (Vedra) e O Forte (Boqueixón). Un torneo organizado pola Escola Deportiva Vedra-Boqueixón e na que tomarán parte doce equipos das comarcas de Santiago, Deza, Tabeirós-Terra de Montes e Ourense.

Ovidio Rodeiro pon en valor esta iniciativa pois “a través do fútbol base estamos transmitindo uns valores humanos e sociais fundamentais aos nosos nenos e nenas que favorecerán o seu desenvolvemento non só como deportistas, senón como persoas. Valores como o respecto, a solidariedade, a axuda mutua, a disciplina, a boa alimentación, o traballo en equipo..”.



Rodeiro e Martínez presentaron o torneo, que se xogará o 17 de maio

Formato do torneo

No torneo participarán Amio SD, CD Conxo Santiago, SD Compostela, Victoria FC e SD Vilvestro, SD Touro, SD Cacheiras, Escola de Fútbol Silleda, Escola de Fútbol Lalín, Escola Estrada de Fútbol, Ourense CF e os locais da Escola Deportiva Vedra-Boqueixón.

O torneo inclúe unha fase previa en formato liguiña a un partido pola mañá e

unha fase final en formato eliminatoria a partido único pola tarde. Todos os partidos durarán 35 minutos, salvo a gran final que contará con dúas partes de 25 minutos e se xogará no Forte. Para a liguiña estableceranse tres grupos de catro equipos que xogarán entre eles durante a mañá, cada grupo nun dos tres campos municipais habilitados para o torneo.



Lucas García participa no Campionato de España Sub 12 de fútbol sala

Lucas García Raviña, veciño do Forte, vén de participar no Campionato de España de Seleccións Autonómicas de Fútbol Sala Sub 12, celebrado en Blanes (Girona). Lucas defendeu con éxito a portería da Selección Galega Masculina e fixo un gran papel no torneo, como o resto dos seus compañeiros de selección.



O Club Squadra Boqueixón brila no Torneo de Ourense

Gran papel do club de ximnasia rítmica Squadra Boqueixón no XIII Torneo Internacional Ourense a Provincia Termal, onde participou con catro equipos. O conxunto infantil proclamouse campión do torneo, mentres que as prebenxamín lo-graban tamén a súa merecida medalla de bronce. Gran actuación tamén do conxunto alevín e do benxamín, que conseguiu unha meritoria cuarta posición.

Curso de defensa persoal feminina

A karateka Ruth Lorenzo Couso impartirá un Curso de Defensa Persoal Feminina, organizado polo Centro de Información á Muller de Boqueixón e a Área de Muller e Igualdade de Vedra, con cargo ao fondo do Pacto de Estado. Está dirixido a mulleres a partir de 14 anos e a inscrición é de balde. Serán dúas sesións con parte teórica e práctica: o sábado 10 de maio en Boqueixón e o sábado 24 de maio en Vedra, en horario de 10:00 a 13:00 horas. Inscricións: www.boqueixon.gal.

Oural prepara un programa especial para celebrar a distinción de Interese Turístico

Os veciños e veciñas de Oural traballan arreo na organización da edición número 51 das Carrozas do San Cidre, cun programa especial que terá lugar do venres 16 ao domingo 18 de maio en Camporrapado para celebrar a súa declaración como Festa de Interese Turístico de Galicia. Ao pechar esta edición da Xanela, a festa tiña co visto bo da Comisión de Turismo de Galicia, polo que so restaba a súa aprobación polo Consello da Xunta, que podería chegar antes da propia celebración.

Por iso, a veciñanza de Oural leva tempo traballando un amplo e variado programa de actividades, que darán comezo o venres 16 de maio, ás 22:00 h, coa tradicional procesión e misa na honra á Virxe de Fátima, amenizada polo grupo de gaitas Pena do Corvo.

Para o sábado 17 está programada unha sesión vermú co grupo Alaska, tras a misa cantada das 13:00 h na honra á Virxe do Rosario. Os grupos

Eureka e Alaska encargaran-se da verbena.

E o domingo 18 de maio, ás 11:00 h, mostra e exposición de carrozas diante do bar "O Nervioso", que saíran en desfile unha hora despois xunto á Charanga BB+ e á parella de bois co carro. Ás 12:00 h, misa do San Cidre con tirada de foguetes e actuación da Asociación Cultural Folclórica O Fiadeiro. A partir das 14:00 h, presentación do XLI Desfile de Carrozas do San Cidre, dirixido por Javier do Nervioso, entrega de premios e pregón de Adrián Díaz, presentador da TVG. Sesión vermú co Grupo Fusión e a Charanga BB+, xunto á degustación de petiscos e viño en cada carroza elaborada tradicionalmente polos veciños e veciñas de Oural.

A partir das cinco da tarde, xornada para os máis cativos con actividades, inchables e unha sesión de Zumba Kids da man de Priscilla Dance. Fin de festa co Grupo Fusión e, a partir das 18:00 h, verbena coa orquestra La Fórmula.

CARROZAS DO SAN CIDRE

Oural- Camporrapado (Boqueixón)

VENRES 16 MAIO 2025

21:00h. - MISA NA HONRA Á VIRXE DE FÁTIMA. COA TRADICIONAL PROCESIÓN. GRUPO DE GAITAS TRADICIONAL PENA DO CORVO

SÁBADO 17 MAIO 2025

14:00h. - SESIÓN VERMÚ. ALASKA

23:00h. - VERBENA DO SAN CIDRE. EUREKA E ALASKA



DOMINGO 18 MAIO 2025

11:00h. - MOSTRA DE CARROZAS. CHARANGA BB+

12:00h. - SAÍDA DO DESFILE DE CARROZAS

13:00h. - ASOCIACIÓN CULTURAL FOLCLÓRICA O FIADREIRO

14:00h. - ACTO DE PRESENTACIÓN DA FESTA A CARGO DE JAVIER DO NERVIOSO

PREGOEIRO ADRIÁN DÍAZ. XORNALISTA, PRESENTADOR E GUIONISTA

DEGUSTACIÓN DE PETISCOS E VIÑO DA ZONA EN CADA CARROZA

CHARANGA BB+ E GRUPO FUSIÓN

17:00h. - TARDE DE XOGOS INFANTÍS. ZUMBA KIDS (PRISCILLA DANCE)

18:00h. - ORQUESTRA LA FÓRMULA



AXENDA DO MES DE MAIO

Xoves
8

Doazón de sangue

Lestedo, diante de Abanca.
De 15:45 a 21:00 h.

Sábado
10

Curso de defensa persoal feminina

Sábado 10 e 24 maio. Boqueixón e Vedra. De 10:00 a 13:00 h.

Luns
12

EIM Raiña Lupa

Do 12 de maio ao 12 de xuño.
Solicitude de ingreso e renovacións.

Xoves
15

Reunión viaxe Granada

Salón de plenos. 20:00h.
Reunión informativa sobre a viaxe.

Sábado
17

III Torneo Fútbol 11 Sub12

Campo municipal do Forte.
Máis información: <https://copafacil.com/vbedtorneo2025>

Sábado
17

XI Carreira Camiño das Letras

Saída do Pico Sacro. 10:05 h.
www.carreirasgalegas.com

Domingo
18

XLVIII Desfile de Carrozas de San Cidre

Oural-Camporrapado.

Martes
20

Entrega de premios do Certame de Relatos

CPI Antonio Orza Couto.

Xoves
22

Santa Rita

Festa en Donas.
O Concello estará pechado.

Venres
23

Presentación de libro de Mari Carmen Seijas

Centro Interpretación Pico Sacro,
20:00 h. "Avó, contame aquel de.." de Mari Carmen Seijas.

Domingo
25

Romería do Pico Sacro

Pico Sacro.

... e en xuño

Sábado
7

Viaxe á Feira de Vilanova da Cerveira

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 | CIM: 981 513 106 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com | cim@boqueixon.com | cultura@boqueixon.com | boqueixonturismo@gmail.com

